Neste sentido, a Fiscalía xa ten manifestado que é posible a adopción de medidas cautelares ao amparo do artigo 13, 544 bis e *ter da Lecrim* que restitúan o inmovible ao seu lexítimo titular, dado que a privación do exercicio do dereito de propiedade ao seu titular prolóngase no tempo ata que é ditada unha sentenza condenatoria ao usurpador.

Agora ben, obsérvase na práctica dos Xulgados unha diversidade de criterios á hora de adoptar estas medidas cautelares, polo que hai que valorar a posibilidade de promover unha reforma lexislativa que permita de forma expresa a adopción de esta medida cautelar restituíndo o inmovible ao seu lexítimo titular.

Nesa mesma liña, o *Defensor del Pueblo* nunha recente *Recomendación*, do 20-04-2017 diríxese ao Ministerio de Justicia para “prever los cauces adecuados para la adopción de medidas de carácter cautelar que sustituyan al titular del inmueble la posesión y disfrute urgente del mismo, mediante la tramitación de un procedimiento judicial rápido”

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Dirixirse ao goberno de España para que inicie os trámites que permitan mellorar o marco normativo que regula o delito de usurpación de inmobles. Sinaladamente:
 - a) A modificación do artigo 245 do Código Penal co fin de reorientar e adaptar o tipo penal de usurpación á situación actual.
 - b) A previsión dun procedemento ou xuízo rápido ou inmediato que axilice o tempo dos litixios derivados da ocupación ilegal de inmobles.
 - c) As modificacións lexislativas tendentes a reforzar e posibilitar a adopción de medidas tendentes ao desaloxo de inmobles dende o primeiro momento de apreciación de indicios de infracción penal.
- 2.- Dirixirse á Delegación do Goberno e á Fiscalía a fin de que, en tanto non se produzan as modificacións lexislativas propostas no punto 1, asinen un acordo bilateral para que os delitos relacionados coa ocupación de vivendas sexan tratados en xuízos rápidos e que incorpore ademais os compromisos de identificación dos edificios usurpados, promover a pronta denuncia por parte dos propietarios e a petición de medidas cautelares por parte da Fiscalía para obter o desaloxo inmediato dos ocupantes.
- 3.- Naqueles casos nos que os ocupantes sexan familias en risco de exclusión social, arbitrar en colaboración cos concellos as medidas necesarias para o seu realoxo a través dos distintos programas postos en marcha pola Xunta de Galicia”.

Santiago de Compostela 26 de maio de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/05/2017 12:08:38

Paula Prado Del Río na data 26/05/2017 12:08:47

Jaime Castiñeira Broz na data 26/05/2017 12:08:59

Alberto Pazos Couñago na data 26/05/2017 12:09:06

Martín Fernández Prado na data 26/05/2017 12:09:15

Antonio Mouriño Villar na data 26/05/2017 12:09:26

Marta Novoa Iglesias na data 26/05/2017 12:09:37

María Julia Rodríguez Barreira na data 26/05/2017 12:09:45

Gonzalo Trenor López na data 26/05/2017 12:09:55

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 26/05/2017 12:10:04



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2017 12:32
Nº Rexistro: 9315
Data envío: 19/05/2017 12:32:15.367

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativa ao proceso e consecuencias da venda do Banco Popular.

Ante a fonda crise do sector financeiro que explota no 2008, no comezo da crise económica, lonxe de emprender unha reforma no camiño de reforzar a transparencia, a intervención, o control e tutela pública que evitara de novo as expansión das burbullas financeiras, os principais partidos do Estado español pactaron unha “reestruturación”. Esta reestruturación tivo o obxectivo de concentrar e centralizar o sector financeiro, privatizando e bancarizando as caixas de aforros e reducindo o número de entidades, sometidas ademais á supervisión única de institucións centrais do Estado.

A normativa reguladora que sustentou a reestruturación, baixo os citados criterios de concentración, centralización e bancarización do sistema financeiro, foi acordada a nivel estatal por PP e PSOE desde o seu inicio. Baixo esta óptica, levouse a cabo un proceso que para Galiza tivo nefastas consecuencias, sendo a máis clara e evidente a perda das caixas de aforros e a perda da galeguidade e absorción de entidades bancarias como o Banco Pastor ou o Banco Gallego.

Recentemente, diversos medios de comunicación informaban da posíbel venda, do grupo que absorbeu ao Banco Pastor, o Banco Popular, segundo operador bancario en Galiza a continuación de Abanca.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2017 12:32
Nº Rexistro: 9315
Data envío: 19/05/2017 12:32:15.367

O Banco Popular conta en Galiza con arredor dun milleiro de empregados, unha ampla rede comercial con máis de 200 sucursais e cun volume de negocio de aproximadamente 21.000 millóns de euros, sumando créditos e depósitos, o que supón unha cota de mercado do 20%.

De consumarse esta venda, suporía un novo chanzo no citado proceso de reestruturación bancaria iniciada coa crise. Neste caso, a compra do Banco Popular -previsibelmente por algún operador xa radicado na Galiza- suporía avanzar un paso máis na concentración, centralización e oligopolio bancario.

Antes do proceso de reestruturación bancaria existía arredor de dez entidades –ben fosen caixas ou bancos- cunha ampla implantación no conxunto do país. Porén, se tal e como apuntan diversas fontes, o Banco Popular é mercado por algún dos principais bancos xa implantados en Galiza, tería como consecuencia que arredor do 90% do mercado financeiro galego quedaría en mans de media decena de bancos, o que é a clara mostra dun mercado oligopólico.

Doutra banda, de a entidade ser mercada por un operador xa implantado en Galiza, existirán duplicidades da rede en múltiples localidades polo cal é máis que probábel que os novos propietarios da entidade leven a cabo un proceso de axustes na rede que suporá peche de oficinas e redución de cadros de persoal, polo que se producirán con toda probabilidade despedimentos de persoal, o que está a producir unha lóxica preocupación entre as súas traballadoras e traballadores, aos cales non se lles ten trasladado ningunha información.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2017 12:32
Nº Rexistro: 9315
Data envío: 19/05/2017 12:32:15.367

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a realizar un exhaustivo informe que analice as consecuencias da reestruturación bancaria en Galiza, a situación de concentración do mercado bancario após a desaparición das caixas e entidades bancarias galegas e as súas consecuencias para as persoas usuarias de servizos financeiros en Galiza.”

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 19/05/2017 12:19:56

Olalla Rodil Fernández na data 19/05/2017 12:20:01

Xosé Luis Rivas Cruz na data 19/05/2017 12:20:05



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2017 12:32
Nº Rexistro: 9315
Data envío: 19/05/2017 12:32:15.367

María Montserrat Prado Cores na data 19/05/2017 12:20:08

Xosé Luis Bará Torres na data 19/05/2017 12:20:10

Ana Pontón Mondelo na data 19/05/2017 12:20:13



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2017 12:47
Nº Rexistro: 9322
Data envío: 19/05/2017 12:47:50.910

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

A mediados do mes de marzo aprobamos unha iniciativa con transacción do PP que na súa parte resolutiva rezaba así:

"O Parlamento de Galicia insta ó goberno galego a sacar de inmediato liñas de axudas para que as Comunidades de Montes Veciñais en man común, se poidan dotar de plans de ordenación forestal e do selo de certificación forestal."

Estes plans de ordenación veñen reflectidos no Regulamento europeo 1.305/2.013 da actual PAC e son financiáveis no PDR 2.014/2.020 e deberan ter unha visión MULTIFUNCIONAL do monte, concepto e definición que ultimamente vimos usando e afirmando tódolos grupos desta Comisión 7ª

Hoxe pensamos que a este recoñecemento da necesidade de que todo Monte Veciñal en man común ten de posuír un Plan de Ordenación que regule, ordene e delimite as actuacións e a xestión do mesmo dacordo cos desexos dos comuneiros habería que incluírle con carácter obrigatorio un inventariado ou estudo previo que contemple os seguintes valores multifuncionais:

-Patrimonio arqueolóxico (castros, mámoas, etc), por persoal competente, (da mesma forma que xa se fai na concentración parcelaria)



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2017 12:47
Nº Rexistro: 9322
Data envío: 19/05/2017 12:47:50.910

-Patrimonio cultural-etnográfico (culto ás pedras, lendas de mouras, fontes milagreiras, muíños comunais, etc recollendo a información directamente da xente mais vella do lugar, facéndoa partícipe na redacción do plan-

-Biodiversidade: flora, fauna, xeoloxía...

-Auga e ciclo hidrolóxico: inventario de comunidades de usuarios de traídas veciñais existentes, deseño de perímetros de protección que protexan as captacións, mananciais e fontes para protexe-la calidade da auga.

-Estudio doutras posibles actividades: mel, resina, gando

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“Que se inclúa nos Plans de Ordenación, con carácter obrigatorio, un inventariado ou estudo previo daqueles aspectos anteriormente reseñados que orienten e condicionen a multifuncionalidade do monte.”

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2017

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2017 12:47
Nº Rexistro: 9322
Data envío: 19/05/2017 12:47:50.910

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/05/2017 12:45:49

Noa Presas Bergantiños na data 19/05/2017 12:45:58

Olalla Rodil Fernández na data 19/05/2017 12:46:02

María Montserrat Prado Cores na data 19/05/2017 12:46:07

Xosé Luis Bará Torres na data 19/05/2017 12:46:08

Ana Pontón Mondelo na data 19/05/2017 12:46:12



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, solicita que se teña en conta a seguinte corrección de erros na proposición non de lei con número de rexistro **9322**:

Onde dí.

“Que se inclúa nos Plans de Ordenación, con carácter obrigatorio, un inventariado ou estudo previo daqueles aspectos anteriormente reseñados que orienten e condicionen a multifuncionalidade do monte.”

Debe dicir:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta a que inclúa nos Plans de Ordenación, con carácter obrigatorio, un inventariado ou estudo previo daqueles aspectos anteriormente reseñados que orienten e condicionen a multifuncionalidade do monte.”

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2017

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 29/05/2017 10:07

Nº Rexistro: 9556

Data envío: 29/05/2017 10:07:01.056

Ana Pontón Mondelo na data 29/05/2017 10:04:20

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

En 1977 créase o Movemento de Obxección de Conciencia (MOC), que propón a desobediencia civil como estratexia de resistencia ao recrutamento obrigatorio.

Coa chegada do primeiro goberno socialista, en 1984 apróbase a Lei de obxección de conciencia, que regula o dereito á obxección de conciencia e a obrigatoriedade da prestación social substitutoria. O movemento de insubmisión tivo tamén un seguimento importante, levando ao procesamento xudicial de miles de mozos, o que xerou ademais profundas discrepancias xudiciais e o colapso do propio sistema institucional. A insubmisión como movemento de desobediencia civil masivo non tivo parangón en ningún outro país europeo.

Esta corrente de solidariedade e apoio social e político tan ampla levou a derogación do servizo militar obrigatorio, feito que se plasmou no *Real decreto do 9 de marzo de 2001 aprobado polo Consello de Ministros*.

Segundo o decreto, o desenvolvemento do proceso de profesionalización requiría o paso automático á reserva dos militares de substitución, así como os mozos que tiñan pendentes a prestación por gozar de prórroga ou non ser clasificados.

A Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema de Seguridade Social, aprobada polo Goberno do presidente Zapatero, contemplaba na súa Disposición adicional vixésima oitava o cómputo, a efectos de Seguridade Social, do período de servizo militar obrigatorio ou de prestación social substitutoria:

“O Goberno presentará, no prazo dun ano, un proxecto de lei que estableza un sistema de compensación á Seguridade Social para que por esta poida recoñecerse, a favor das persoas interesadas, un período de asimilación do tempo de servizo militar obrigatorio ou de prestación social substitutoria que compense a interrupción das carreiras de cotización ocasionada por tales circunstancias, acorde cos incrementos que, no ámbito da contributividade, prodúcese nesta lei, e coa sustentabilidade do sistema”

Posteriormente a Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2014, aprazou a aplicación desta disposición que permitiría o recoñecemento do tempo investido no servizo militar e a prestación social substitutoria. Un aprazamento que se repetiu dende a chegada do Sr. Rajoy ao Goberno de España nos orzamentos para o ano 2015, 2016, e tamén segundo acabamos de coñecer para o 2017.

Esta medida ía destinada a compensar a interrupción das carreiras de cotización ocasionada a xeracións de cidadáns que tiveron que realizar a “mili” ou a prestación substitutoria, a diferenza do réxime que hoxe se aplica a quen voluntaria ou profesionalmente fai o servizo militar. Os que realizaron o servizo militar voluntariamente ou se alistaron ao exército vén na actualidade ese tempo no seu historial de cotización, e recoñéceselle ese período ao xubilarse anticipadamente, ao contrario dos forzados, o que supón un claro agravio comparativo.

Ademais terase en conta o servizo militar obrigatorio ou prestación a efectos de cotización, nos seguintes casos:

1. Segundo o previsto nos artigos 207 e 208 da Lei xeral Seguridade Social para acceder á xubilación anticipada débese acreditar un período mínimo de cotización efectiva e a estes efectos permítese ter en conta o período de prestación do servizo militar obrigatorio ou da prestación social substitutoria, co límite máximo dun ano en ambos os casos.
2. Para a xubilación parcial (artigo 215 Lei xeral Seguridade Social) débese acreditar un período de cotización de trinta e tres anos e só se computará o período de prestación do servizo militar obrigatorio ou

da prestación social substitutoria, co límite máximo dun ano.

3. No caso dos funcionarios e funcionarias que van acceder ás clases pasivas, considerarase o tempo de servizo militar obrigatorio nestes dous supostos:

a) Si se realizou despois do ingreso como funcionario/a. Aos/ás funcionarios/as de carreira que adquiriron tal condición despois do cumprimento do servizo militar só se lle computa o exceso do período obrigatorio, tanto a efectos de cotización como de antigüidade.

b) Si se realizou antes de ser funcionario/a, só se terá en conta o que exceda do tempo do servizo militar obrigatorio. Aos/ás funcionarios/as de carreira que xa tivesen tal condición ao incorporarse ao servizo militar, compútaselle o devandito período a efectos de cotización e antigüidade (trienios).

En Galicia recoñécese tamén o tempo do servizo militar para o cómputo dos trienios para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España a presentación dun proxecto de lei que recoñeza integramente a efectos de cotización o servizo militar obrigatorio ou a prestación substitutoria.

Pazo do Parlamento, 16 de maio de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 19/05/2017 14:18:15



 Grupo Parlamentario

Julio Torrado Quintela na data 19/05/2017 14:18:23

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/05/2017 14:18:27

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre a programación cultural da TVG.

“Por que non existimos para a nosa televisión pública que pagamos todas e todos? Nós queremos programas especializados na televisión pública onde o tratamento que se lle dea á música e os músicos sexa o acaído, onde as condicións nas que se desenvolva o noso traballo sexan dignas, que o playback quede desterrado e que a outra opción, a de tocar en directo, non faga realidade o dito de que é peor o remedio que a enfermidade”.

Estas palabras foron pronunciadas pola directiva da Asociación Músic@s ao Vivo no marco dos Premios da Música Martín Códax 2017. A entidade, que congrega cada ano un maior número de bandas e artistas de todos os xéneros musicais desenvolvidos na Galiza, reclamou, entre outras cuestións, presenza nos medios de comunicación públicos a comezar pola TVG. Unha demanda que paradoxicamente foi emitida en diferido pola televisión pública tres días despois de ser pronunciada e a partir das 00.30 horas. Un horario que non fai falta ser persoa experta en medios de comunicación para saber que non é a faixa de maior índice de audiencia da grella.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Progresivamente a CRTVG foi mingando nos últimos anos os espazos culturais, sempre pequenos, que conforman e/ou conformaron a súa programación ficando reducidas a meras seccións no interior de magazines como A Revista ou a un recuncho da segunda canle con apenas 30 minutos de duración co Zig Zag Diario.

No seu interior a música fica engulida, como outros moitos sectores culturais. Falta de tempo, falta de espazo e, uns por outros, silenciada.

Desapareceron proxectos interesantes nos que a música era a protagonista como, Alalá, Os directos da galega ou máis recentemente Musigalité, un programa multiplataforma (TV-Internet) substituído por Musi.gal, que ficou reducido á rede.

A radio e televisión públicas de Galiza son un servizo público que inclúe entre os seus principios inspiradores e como parte do Mandato Marco a “promoción e difusión da cultura e lingua galegas” e o reflexo do pluralismo tamén cultural do noso país. Un obxectivo que non se está a cumprir na actualidade.

Por todo o exposto, formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Ampliar o Zig Zag Diario outorgándolle tempo e espazo suficientes na grella co obxectivo de promover e informar arredor das distintas expresións culturais desenvolvidas na Galiza e en galego.

2. Crear un espazo musical na TVG dirixido a pór en valor os múltiples e diversos estilos que se crean no noso país así como a dar a coñecer as e os artistas e bandas que fan música na Galiza e en galego. Un espazo no que a música en directo teña un papel protagonista.”

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2017

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 22/05/2017 10:33:03

Noa Presas Bergantiños na data 22/05/2017 10:33:16

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/05/2017 10:33:19

María Montserrat Prado Cores na data 22/05/2017 10:33:23

Xosé Luis Bará Torres na data 22/05/2017 10:33:25

Ana Pontón Mondelo na data 22/05/2017 10:33:30



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2017 11:37
Nº Rexistro: 9344
Data envío: 22/05/2017 11:37:02.001

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

O 31 de xaneiro de 2011 o Concello de Lalín asinou co Servizo Galego de Saúde (SERGAS) un convenio para a construción en Lalín dun Centro de Alta Resolución (CAR), Centro de Saúde e Punto de Atención Continuada (PAC).

Nese acordo establecíase a obriga por parte do concello de Lalín de poñer a disposición da Xunta de Galiza os terreos necesarios, e a obriga de SERGAS de levar a cabo a construción dos referidos centos no marco do Plan de Modernización das Infraestruturas Sanitarias 2010-2013. Ademais, establecíase a creación dunha comisión de seguimento que nunca chegou a constituírse.

En cumprimento do citado convenio, o concello de Lalín tramitou a adquisición dos terreos que finalmente tiveron un custo de 355.874,25 euros.

O 24 de febreiro de 2015, cando faltaban tres meses para as eleccións municipais, o concello de Lalín asinaba un novo documento denominado “Protocolo de colaboración” co obxectivo de poñer as bases para o estudo de viabilidade dun CAR en Lalín. Neste documento xa non se incluíu o novo centro de saúde e o novo PAC.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2017 11:37
Nº Rexistro: 9344
Data envío: 22/05/2017 11:37:02.001

Este protocolo establecía unha programación e a creación dun grupo de traballo que nunca foi constituído a pesar de que o actual goberno de Lalín solicitouno vía mocións e mediante entrevista co conselleiro de sanidade.

Hai aproximadamente un ano o alcalde de Lalín e o concelleiro de saúde reuníronse co conselleiro de Sanidade, quen lles transmitiu avances para a definición do CAR e comprometeuse a manter unha nova xuntanza no prazo de dous meses para trasladar os resultados dos estudos da consellaría.

Ao mesmo tempo, membros do grupo municipal do PP de Lalín reuníanse co conselleiro e anunciaban a inminente redacción dun estudo de viabilidade do CAR, melloras no servizo de Pediatría, a posta en marcha de Hemodiálise e HADO, anuncios que nunca chegaron a materializarse.

En lugar de poñer en marcha estas anunciadas melloras, a realidade é que a consellaría de sanidade da Xunta de Galiza está a reducir as prestacións e o persoal sanitario coa amortización de prazas de médicos e enfermeiros/as e a redución do número de especialistas. E malia o desembolso realizado polo concello para a adquisición dos terreos, segue sen dar pasos adiante no tantas veces comprometido CAR.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a

1. Impulsar o proxecto do Centro de Alta Resolución de Lalín, establecendo prazos e datas veraces para a súa construción.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2017 11:37
Nº Rexistro: 9344
Data envío: 22/05/2017 11:37:02.001

2. Repoñer as prazas amortizadas por xubilacións e poñer en marcha os servizos de HADO e Hemodiálise en Lalín.”

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 22/05/2017 11:18:58

Olalla Rodil Fernández na data 22/05/2017 11:19:03

María Montserrat Prado Cores na data 22/05/2017 11:19:08

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/05/2017 11:19:12



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2017 11:37
Nº Rexistro: 9344

Data envío: 22/05/2017 11:37:02.001

Noa Presas Bergantiños na data 22/05/2017 11:19:13

Ana Pontón Mondelo na data 22/05/2017 11:19:20

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Coa chegada do verán, dende hai anos o Sergas tende a planificar “á baixa” a asistencia sanitaria considerando menor nivel cuantitativo do servizo, o que se amosa en termos de camas dispoñibles e en número de traballadores/traballadoras nos centros sanitarios, especialmente nos hospitais.

A rede de hospitais de Galicia ten algo máis de 7.000 camas en total. Habitualmente os centros hospitalarios galegos perden o uso de máis de 1.000 camas entre xuño e setembro. Profesionais do sistema sanitario estimaron en 1.200 as que foron pechadas no ano 2016 (*Enfermeros denuncian el cierre de 1.200 camas hospitalarias en verano en Galicia; 12.07.2016 La Opinión; Los hospitales gallegos tendrán 1.200 camas menos este verano; 30.05.2016 Cadena Ser*).

Tamén a cantidade de persoal traballando no Sergas chegada a época do verán é notoriamente menor que no resto do ano. A correlación habitual establécese co peche de camas, de forma que se reduce o servizo coa argumentación de que hai menos pacientes, conquerindo como gran vantaxe que o investimento en sanidade é menor. O verán é, naturalmente, o período de vacacións dos e das profesionais, e a contratación eventual supón a ferramenta que sería necesaria para cubrir as baixas producidas por estas vacacións. A propia Consellería de Sanidade ten estimado nun 20 % o volume de contratación temporal dentro do propio Sergas durante o global do ano, non entanto os sindicatos teñen apuntado a volumes maiores, sendo difícil coñecer a realidade concreta debido á opacidade dos datos oficiais. En verán, estes porcentaxes elévanse polas substitucións, pero non son cubertas todas as necesidades.

O verán supón, en definitiva, unha época de debilidade para o sistema sanitario público de Galicia, no que a planificación trata de provocar menores ingresos hospitalarios para ter menores demandas asistenciais e, por tanto, menor necesidade de recursos persoais e materiais.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a manter o servizo sanitario ao mesmo nivel no verán que no resto do ano en termos de cantidade de recursos:

- a) Substituíndo ao total de profesionais durante as vacacións estivais, nos mesmos centros, servizos e categorías que aqueles aos que substitúen.
- b) Manter en actividade plena o total das camas da rede hospitalaria de Galicia durante o verán e garantir as súas posibilidades de uso ao mesmo nivel que o resto do ano.

Pazo do Parlamento, 19 de maio de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 22/05/2017 12:59:58

Noela Blanco Rodríguez na data 22/05/2017 13:00:04

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/05/2017 13:00:09

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Hoxe, a fibromialxia se define por cadros de dor muscular, esquelético, crónico e xeneralizado. Descoñécese con claridade a súa orixe i é unha enfermidade recoñecida por todas as organizacións médicas internacionais e pola Organización Mundial da Saúde (código M79.9 da clasificación CIE-10) como unha enfermidade de reumatismo non articular.

Existen diversos estudos sobre a súa prevalencia, que ofrecen datos entre o 1 % e o 4 % da poboación, afectando en maior medida a mulleres, sendo a causa máis frecuente de dor osteomuscular xeneralizado e crónico. Calcúlase que en Galicia poden existir en torno ás 30.000 persoas afectadas.

Existe dificultade para o seu diagnóstico, polo que apúntase a existencia dun gran número de persoas afectadas sen estar aínda diagnosticadas. Tamén o tratamento constitúe un problema relevante, pois a enfermidade afecta de maneira importante á calidade de vida das persoas que a sofren e a todos os seus ámbitos de desempeño, incluíndo o eido laboral, social e incluso familiar. Por iso a súa abordaxe debe ser non unicamente dende unha perspectiva sanitaria.

No ano 2003 o Ministerio de Sanidad y Consumo elaborou un documento sobre a enfermidade no que recollía as directrices de diagnóstico e tratamento para difundir entre os familiares, profesionais sanitarios e poboación en xeral para facilitar o coñecemento sobre a enfermidade. Este documento foi actualizado en 2009 por indicación do Consello Interterritorial, para incluír os avances e adaptalo ao tratamento e diagnóstico da patoloxía. En 2011 o Ministerio de Sanidad, Servicios

 Grupo Parlamentario

Sociales y Consumo revisou e actualizou os coñecementos sobre a enfermidade para mellorar os procesos de diagnose e tratamento.

A pesar dos avances, queda moito por facer no terreo da fibromialxia, tanto dende a abordaxe médica como da difusión e información relativa á mesma ou, incluso, no recoñecemento da súa incapacitación de cara ao desenvolvemento da actividade laboral das persoas que a padecen.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia:

1. Avaliar e profundizar, dende o Consello Interterritorial, nos documentos elaborados polo Ministerio de Sanidad e as actualizacións existentes.
2. Elaborar unha estratexia contra a fibromialxia, que contemple:
 - a. Difundir entre os e as profesionais da sanidade galega a información, e posibles accións formativas, necesarias para mellorar na diagnose e tratamento da fibromialxia.
 - b. Impulsar a investigación que contribúa a mellorar o coñecemento sobre esta enfermidade, tanto na súa orixe como no desenvolvemento e tratamento.
3. Avaliar a influencia da fibromialxia sobre o desempeño laboral, para definir as condicións e criterios a ter en conta para estimala como posible causa de incapacitación laboral, necesidade de adaptación ou cambio de posto de traballo.

Pazo do Parlamento, 19 de maio de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Noela Blanco Rodríguez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 22/05/2017 13:07:13

Noela Blanco Rodríguez na data 22/05/2017 13:07:19

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/05/2017 13:07:24

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.^a**, relativa a políticas de vivenda digna para as persoas sen fogar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Declaración Universal dos Dereitos Humanos sinala que toda persoa ten dereito a unha vivenda (artigo 25), disposición adoptada pola Carta Social Europea (artigo 16, que considera a política de vivenda como fundamental para acadar condicións de vida dignas para as familias) ou a Constitución Española, que no seu artigo 47 sanciona o dereito a unha vivenda “digna e adecuada”.

As persoas sen fogar, persoas que non dispoñen dun aloxamento adecuado que lles permita desenvolver unha vida estable, aumentaron como consecuencia da crise económica global e das políticas de recorte de gasto público aplicadas polos gobernos.

En Galiza, pese a ter, no contexto do Estado español, unha das maiores taxas de persoas sen fogar en relación á poboación total (133/100.000 habitantes, o que supón un 8,2% das persoas sen fogar de todo o Estado) nunca se reflexionou nin deseñou ningunha estratexia ou plan de atención a este colectivo; unicamente existe un informe do Valedor do pobo do ano 2010 (*As persoas sen fogar en*



Galicia), que documenta brevemente a situación das persoas que viven nas rúas das cidades e vilas e os recursos e programas que se ofrecen nos diferentes concellos, case todos xestionados por entidades sociais de carácter relixioso.

Dito estudo identificaba o perfil medio das persoas sen fogar en Galiza como maioritariamente masculino (80%), cunha idade media de 45 anos, solteiro (40%) e con fillos (30%), similar ao perfil para o conxunto do Estado, salvo na porcentaxe de persoas estranxeiras, que en Galiza non excede do 35%.

Os últimos datos da Enquisa de Condicións de Vida das Familias confirman que da “recuperación económica” queda ao marxe boa parte da poboación: o 25,4% da poboación galega atopábase en risco de pobreza en 2016.

En decembro de 2015, o goberno en funcións do Estado, para dar cumprimento a Resolucións do Parlamento Europeo sobre persoas sen fogar e vivenda (16/12/2010; 6/9/2011; 11/6/2013), aprobou a *Estrategia Nacional Integral para personas sin hogar 2015-2020*, medida sen memoria económica pero que recolle achegas e experiencias de importantes profesionais que poden orientar as primeiras medidas neste ámbito.

As políticas públicas da Xunta de Galicia – organismo no que recaen as competencias sobre exclusión social, nomeadamente sobre as persoas sen fogar e transeúntes, por seren persoas que non se radican nun único municipio - deben ir encamiñadas a eliminar as causas da exclusión social e a promover políticas activas de inclusión para as persoas sen fogar, centradas na persoa e rexeitando medidas paternalistas, así como a aplicar medidas de urxencia para garantir o dereito á vivenda.



Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Deseñar e redactar unha estratexia galega de atención a persoas sen fogar e transeúntes, que garanta a coordinación e corresponsabilidade entre a administración autonómica e as administración locais e coas entidades sociais que traballan neste ámbito.
2. Realizar un estudo actualizado sobre as persoas sen fogar en Galiza para sustentar dita estratexia.
3. Dotar dun parque de vivendas de titularidade autonómica destinado a garantir o dereito á vivenda digna ás persoas sen fogar, seguindo o modelo Housing First.
4. Elaborar un plan integral de atención á saúde física e psicosocial das persoas sen fogar e transeúntes, no marco dun necesario Plan Estratéxico de Saúde Mental.
5. Deseñar e dotar de Centros de Atención Integral 24h a persoas sen fogar e transeúntes nas sete cidades galegas, de xeito corresponsable coa administración local e procurando a colaboración con entidades sociais que traballan neste ámbito.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2017

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 22/05/2017 17:55:11

Luis Villares Naveira na data 22/05/2017 17:55:18

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.^a**, relativa á atención ás persoas anciás que viven e morren soas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Galiza, ao rematar 2016, había 270.900 fogares habitados por unha soa persoa, das que 119.000 teñen 65 anos ou máis. Nalgúns casos, sofren síndrome de Dióxenes que agrava a súa saúde física e mental e as illa da sociedade. Noutros, perderon as habilidades necesarias para atender as súas necesidades básicas e xestionar o seu patrimonio.

Reiteradamente a prensa informa de casos de persoas anciás que sofren caídas na casa e non poden levantarse durante horas ata que un familiar ou alguén da veciñanza os bota de menos ou oe a súa petición de socorro ou casos nos que os bombeiros acoden a rescatar a algunha persoa anciá atrapada na súa casa.

Segundo o Imelga, no mundo rural o entorno coida das persoas que viven soas e por iso se producen menos casos de mortes en soidade que no mundo urbano, xa que o problema radica no illamento social, existindo unha clara relación entre a emigración á cidade, a disolución dos lazos familiares e o número de persoas anciás falecidas en soidade.



O Imelga entende que os casos coñecidos de persoas que morren soas son tan só unha parte do total, porque outras moitas mortes son certificadas por Atención Primaria ou por un hospital sen intervención forense nin da autoridade xudicial, polo que non se dispón de datos para analizar a súa evolución.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

1. Presentar ao Parlamento, nun período máximo de tres meses, un Protocolo de Atención ás persoas maiores que viven soas que coordine as actuacións de todos os servizos públicos e institucións implicadas.
2. Presentar ao Parlamento, nun período máximo de tres meses, un Protocolo de Coordinación entre servizos sociais, Atención Primaria, Hospitais, xulgados, Imelga e todas as institucións que interveñan na atención, traslado e certificación de falecemento de persoas que viven soas.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2017

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea.
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 22/05/2017 18:13:40



Luis Villares Naveira na data 22/05/2017 18:13:48

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, Raúl Fernández Fernández e Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

A estrada PO-255 Pontecaldelas – Petán de titularidade autonómica, no tramo que comeza no lugar de Maceira, concello de Covelo, entre os puntos quilométricos 31,120 e 31,530, adoece de moitos problemas de seguridade viaria ós que se teñen que enfrontar os veciños e as veciñas, usuarios e usuarias da vía cada día.

Entre outras cuestións cabe subliñar:

- A carencia de beirarrúas, que pon en serio perigo o tránsito de peóns nunha zona poboada e consolidada como núcleo.
- A falta de canalización das augas nas beiras, que provoca o desborde dalgúns regatos naturais nos días de choiva por enriba da vía, co conseguinte deterioro do firme , problemas de paso para os peóns e perigosidade na condución.
- O deficiente pintado da vía, non atopándose delimitados os carrís de circulación no lateral e polo tanto sen beiravía.
- Existencia de zonas do vial con contencións do terreo insuficientes que están a provocar a disgregación e corremento do vial.
- Zona de risco alto de accidente na conexión coa estrada provincial 5104 Maceira – San Salvador de Prado, por tratarse dun enlace nunha curva con pintado confuso e con visibilidade moi limitada.
- Inexistencia de pasos de peóns ou medidas de calmado do tráfico.

Esta situación levou aos veciños e veciñas da zona a solicitar en repetidas ocasións melloras nese tramo de apenas 400 metros para evitar atropelos e

 Grupo Parlamentario

accidentes, e máis tratándose dunha vía que da servizo a moitas persoas usuarias, especialmente no verán pola súa conexión estratéxica entre Avión e Vigo.

Así mesmo recóllese unha demanda realizada por toda a corporación municipal do concello de Covelo e apoiada por todos os grupos xa no ano 2015.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Que a Axencia Galega de Infraestruturas elabore un proxecto integral do tramo entre os puntos quilométricos 31,120 e 31,530 da PO-255 e que contemple especificamente medidas de mellora do firme así como de seguridade viaria relacionadas coa utilización diaria de peóns.
2. Que mellore o enlace entre a estrada provincial 5104 Maceira – San Salvador de Prado e a PO-255 coa construción dunha rotonda que permita a mellora da seguridade viaria nese punto.

Pazo do Parlamento, 19 de maio de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López

Raúl Fernández Fernández

Patricia Vilá Lorenzo

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 22/05/2017 18:32:14



 Grupo Parlamentario

Raúl Fernández Fernández na data 22/05/2017 18:32:21

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/05/2017 18:32:27

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/05/2017 18:38:54

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A aplicación da *Lei 30/1981, do 7 de xullo, pola que se modifica a regulación do matrimonio no Código civil e determínase o procedemento para seguir nas causas de nulidade, separación e divorcio*, vén poñendo de manifesto a insuficiencia dos instrumentos procesuais que o ordenamento xurídico ofrece para a resolución dos conflitos derivados das rupturas familiares, sobre todo no que se refire a salvagarda do interese superior das e dos menores para manter relacións cos proxenitores non custodios e a súa familia, á marxe da ruptura.

Esta situación fixo que a Xunta de Galicia afrontase o financiamento, con cargo ao Programa de orientación e mediación familiar, dunha rede de puntos de encontro para garantir a existencia dun lugar apropiado que facilite a relación materno/paterno-filial, asegurando o benestar e a seguridade das e dos menores en familias en situacións de conflito.

A súa vez, a *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*, establece no seu artigo 53 que o departamento competente en materia de igualdade garantirá a existencia de puntos de encontro familiar, como un servizo que facilita e preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situacións de crises, e que permite e garante a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de visitas, dispoñendo ademais que as normas e os requisitos a os que terán que axustarse os puntos de encontro familiar estableceranse regulamentariamente.

Grupo Parlamentario

O incremento nos derradeiros anos da demanda dos puntos de encontro familiar, transformounos nun recurso imprescindible para a nosa sociedade, a pesares do cal seguen sendo poucos (sete en toda a comunidade autónoma) e estando mal dotados.

Esta falta de medios e de persoal orixina a insuficiencia do recurso, e listas de espera que son inaceptables tanto para os nenos e nenas que teñen que percorrer longas distancias, o que implica graves prexuizos tanto para a súa actividade escolar coma persoal pola carga emocional e o esgotamento acumulado; así como para quen ten concedido un réxime de visitas polo órgano xudicial, ou a administración.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Incrementar durante o ano 2017 os puntos de encontro familiar en Galicia en aló menos dous por provincia.
2. Reforzar con medios humanos e materiais, durante o ano 2017, todos os puntos de encontro familiar situados na Comunidade Autónoma galega, para que os nenos e nenas gocen durante as visitas tuteladas e supervisadas dunha contorna adecuada para relacionarse, con zonas ao aire libre e espazos de xogo.

Pazo do Parlamento, 23 de maio de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Patricia Vilán Lorenzo

María Luisa Pierres López

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 23/05/2017 10:40:58

Julio Torrado Quintela na data 23/05/2017 10:41:04

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/05/2017 10:41:11

María Luisa Pierres López na data 23/05/2017 10:41:16

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/05/2017 10:41:23

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, por iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, relativa as condicións de acceso ás axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego para o ano 2017.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 27 de Abril publicouse no DOG a orde do 11 de abril de 2017, conxunta da Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017. Unha orde que non só se publicou con dous meses máis de retraso respecto á convocatoria previa, reduciu o seu número das 55 bolsas dispoñibles na modalidade A en 2016 a 51 na presente convocatoria, senón que incluíu cambios importantes respecto aos requisitos de acceso deixando fóra a unha morea de posibles solicitantes.

Dunha banda reduciuse o prazo temporal no que a persoa candidata acadara o título de doutoramento. Así, se na convocatoria do ano 2016 se establecía o requisito de que este fose obtido en data igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2010, na convocatoria deste ano retrasouse ao 1 de xaneiro de 2012. Pero o máis relevante foi a introdución dun requisito novo respecto á temporalidade dos



títulos previos de licenciatura ou graos, novo para as convocatorias galegas, e tampouco incluído en convocatorias homologables do Estado:

Artigo 2.b) Que a data de finalización dos estudos conducentes á obtención do título de licenciatura, grao ou equivalente que lle deu acceso ao doutoramento sexa igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2006.

Tendo en conta que estas bolsas están supostamente orientadas a aquelas persoas que recentemente remataran a súa tese doutoral, para que poidan continuar a súa carreira investigadora, resulta que persoas que remataran o doutoramento en prazo poden quedar fóra polo tempo no que remataran a licenciatura. Un requisito inxusto, posto que nada ten a ver co obxectivo da bolsa e que prexudica claramente a quen non puidera ter comezado a carreira investigadora ao momento de rematar os seus estudos.

Por estes motivos, o grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

1. Modificar a Orde do 11 de abril de 2017 para eliminar o requisito temporal respecto ao ano de finalización da licenciatura abrindo un novo prazo para a presentación de solicitudes.
2. Fixar un mínimo de 55 bolsas anuais para a formación posdoutoral.



3. Establecer un calendario de convocatoria e resolución que estableza a necesidade de lanzar a convocatoria no primeiro trimestre de cada ano, resolvela no segundo trimestre para que a incorporación poida facerse antes do inicio do curso académico.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez,
Ánxeles Cuña Bóveda,
Deputadas do G.P de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 23/05/2017 13:43:40

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 23/05/2017 13:43:49

Luis Villares Naveira na data 23/05/2017 13:44:23



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2017 17:41
Nº Rexistro: 9466
Data envío: 23/05/2017 17:41:41.628

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

No marco do programa Xogade impulsado pola Xunta de Galiza a través das Consellarías de Educación, Cultura e O.U. e Deporte a ANPA do Colexio Santa Baia de Boiro criticaron a separación por sexos das crianzas durante as probas decorridas o 5 de abril e a fixación de distancias diferenciadas entre mulleres e homes durante as carreiras.

Despois de contactaren co goberno galego sinalóuselles que ese feito respondía ao establecido na norma estatal que regula as competicións de campo a través. Neste senso,



XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS EN IDROE ESCOLAR

O programa XOGADE está organizado pola **Secretaría Xeral para o Deporte** en colaboración coas agrupacións deportivas e federacións galegas

CATEGORÍAS	LOCAL	ZONAL	PROVINCIAL	GALEGO
BENXAMÍN	500 m	600 m	700 m	-
ALEVÍN feminino	800 m	1000 m	1200 m	1500 m
ALEVÍN masculino	1000 m	1200 m	1600 m	2000 m
INFANTIL feminino	1000 m	1200 m	1600 m	2000 m
INFANTIL masculino	1200 m	1600 m	2000 m	2500 m
CADETE feminino	1200 m	1600 m	2000 m	2500 m
CADETE masculino	2500 m	3500 m	4000 m	4500 m



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2017 17:41
Nº Rexistro: 9466

Data envío: 23/05/2017 17:41:41.628

as bases do propio programa Xogade fixan esta distinción:

Porén, cumpre sinalar que Xogade é un programa dirixido a fomentar o deporte entre a mocidade fronte á vida sedentaria que predomina entre as crianzas ao tempo que educar en valores a través do deporte regulado. Isto é, non se trata dunha competición oficial senón dunha iniciativa escolar e polo tanto, a propia normativa elaborada pola Federación Galega outorga flexibilidade á organización para fixar as condicións nas que deben desenvolverse as probas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a modificar as bases do programa Xogade para que as probas femininas e masculinas das distintas categorías sexan en idénticas condicións para nenas e nenos.”

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2017

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2017 17:41
Nº Rexistro: 9466
Data envío: 23/05/2017 17:41:41.628

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 23/05/2017 17:39:37

Noa Presas Bergantiños na data 23/05/2017 17:39:42

María Montserrat Prado Cores na data 23/05/2017 17:39:45

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/05/2017 17:39:46

Xosé Luis Bará Torres na data 23/05/2017 17:39:50

Ana Pontón Mondelo na data 23/05/2017 17:39:53

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Losada Álvarez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

O Tribunal Constitucional, nunha sentenza do 11 de maio, estima a cuestión de inconstitucionalidade núm. 4864-2016 e, como consecuencia, declara que os artigos 107.1, 107.2) e 110.4, todos eles do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, son inconstitucionais e nulos, pero unicamente na medida que someten a tributación situacións de inexistencia de incrementos de valor.

Esta sentenza xa era previsible que se estendera a toda España, posto que o propio Tribunal Constitucional, nunha sentenza do 16 de febreiro, por unanimidade, estimou parcialmente a cuestión de inconstitucionalidade formulada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 3 de Donostia en relación con varios artigos da norma foral 16/1989, do 5 de xullo, do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana do territorio histórico de Guipúzcoa.

A norma declarada inconstitucional e nula establece que o imposto sobre o valor dos terreos de natureza urbana se devenga no momento da venda, e que se calcula de forma obxectiva a partir do valor catastral e dos anos de tenencia do terreo (entre un mínimo de un e un máximo de vinte), con independencia do verdadeiro resultado económico da operación.

O Tribunal Constitucional considera contrario ao principio de capacidade económica previsto no artigo 31.1 da Constitución española tributar cando a venda do inmovible non ten proporcionado ganancias, algo que ten sucedido de forma frecuente nos últimos anos, como consecuencia da crise.

A resolución determina que *“en ningún caso poderá o lexislador establecer un tributo tomando en consideración actos ou feitos que non sexan expoñentes dunha riqueza real ou potencial”*. É dicir, o Constitucional non considera

Grupo Parlamentario

constitucionais os impostos que afecten a *“aqueles supostos nos que a capacidade económica gravada polo tributo sexa, non xa potencial, senón inexistente, virtual ou ficticia”*. Polo que se está a someter a tributación situacións de feito que non expresan a capacidade económica, ou que contradí frontalmente o principio de capacidade económica que a Constitución garante no artigo 31.1.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Indica tamén o Tribunal Constitucional, que corresponde o lexislador, a partir da publicación da sentenza, facer as modificacións ou adaptacións pertinentes no réxime legal do imposto que permitan arbitrar o modo de non someter a tributación as situacións de inexistencia de incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

Polo que o Grupo Parlamentario Socialista, presenta a seguinte proposición non de lei:

1º) O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que se dirixa o Goberno central e lle solicite:

- a) Facer as modificacións necesarias para a adaptación da normativa estatal do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana (IIVTNU) ao fallo da dita sentenza, sempre con previo acordo cos concellos.
- b) Elaborar un estudo sobre a perda de ingresos que supón para os municipios a devolución destes ingresos cobrados indebidamente.
- c) Buscar fórmulas de compensación desta perda de ingresos nas xa febles facendas locais.

2º) O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que colabore cos concellos galegos co obxecto de establecer os mecanismos que permitan atender as reclamacións dos contribuíntes da maneira máis eficaz posible, poñendo en marcha fórmulas que eviten a xudicialización dos procedementos, que provocarían unha saturación dos tribunais.



 **Grupo Parlamentario**

Pazo do Parlamento, 22 de maio de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/05/2017 11:25:09

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Abel Fermín Losada Álvarez na data 24/05/2017 11:25:18

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 24/05/2017 11:25:28

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/05/2017 11:25:40

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/05/2017 11:25:49



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2017 12:37
Nº Rexistro: 9480
Data envío: 24/05/2017 12:37:39.565

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa ás deficiencias na xestión das probas de TAC no Hospital de Ourense

O progresivo desmantelamento na sanidade pública por causa das decisións políticas e económicas do Partido Popular e da Xunta de Galiza ten causado unha forte resposta popular e denuncias das persoas usuarias que foron botando luz sobre o que significaron na práctica os progresivos recortes en materia de persoal e servizo ilustrándoos con casos e exemplos concretos, preocupantes e que distan moito de ser illados ou anecdóticos. Neste sentido, por medio de redes sociais, internet, radios, televisión e prensa escrita e dixital fomos coñecendo diferentes situacións ante as denuncias de moitas persoas que conseguiron dar a coñecer o seu caso ou de persoas da súa contorna por estes medios diante da desatención da Administración e da gravidade ou clamor da súa situación.

De entre todos os servizos danados pola política sanitaria do goberno galego resultan especialmente graves aqueles que teñen que ver co tratamento do cancro, unha enfermidade de grande incidencia e na que o tempo e a vixilancia constitúen un elemento fundamental. Malia ser a oncoloxía unha especialidade teoricamente primada no funcionamento da rede sanitaria, numerosas denuncias de persoas usuarias e organizacións de pacientes teñen alertado de inadmisíbeis esperas no complexo



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2017 12:37
Nº Rexistro: 9480
Data envío: 24/05/2017 12:37:39.565

hospitalario de Ourense para a realización de probas TAC de control. As siglas TAC correspóndense con *Tomografía Axial Computerizada* e constitúen un método de exploración radiolóxica para estudar un órgano determinado desde diferentes planos.

Por poñer un exemplo, o 25 de agosto de 2016 o xornal La voz de Galicia recollía na súa edición de Ourense a denuncia dunha paciente do Ribeiro que informaba de como após un control rutineiro no seguimento da curación dun cancro de mama o seu oncólogo solicitara un TAC e recóllese na noticia de forma textual a seguinte afirmación da paciente: “«Ya estoy acostumbrada a que nunca me llamen dentro del plazo que me indica el oncólogo; siempre he tenido que reclamar, pero es que no es un TAC de rutina; ahora mismo es evidente que hay un problema y yo estoy sin tratamiento»”

O pasado 17 de maio o xornal provincial La Región publicaba un artigo de opinión asinado por Dona María Cristina Fariñas Darriba no que dá conta dunha experiencia persoal como acompañante dun enfermo de cancro dirixíndose ao novo Xerente do CHUO e recolle literalmente as seguintes palabras: “nestes últimos meses somos testigos de como non se están a facer as probas diagnósticas no tempo preciso. En particular falo dos TACS. Quero que se saiba que os pacientes teñen que poñer dúas, tres, catro e nalgún caso ata cinco reclamacións en Atención ó Paciente para que lle fagan unha proba que resulta ser á base dos tratamentos, da evolución da enfermidade”. Máis aínda, o 14 de maio de 2017 novas testemuñas saíron na canle da Sexta Televisión sinalan casos persoais con graves retrasos desta proba fundamental.

Ademais, este grupo parlamentar tivo coñecemento de máis situacións deste tipo por parte de testemuños de profesionais e doentes que nos reafirman na idea de que este é un problema crónico en Ourense.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2017 12:37
Nº Rexistro: 9480

Data envío: 24/05/2017 12:37:39.565

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a facer públicos os datos de lista de agarda para TAC no Hospital de Ourense así como poñer a disposición o aumento de recursos que sexa necesario para acometer a súa redución e garantir que ningunha persoa doente exceda os tempos de espera recomendados.”

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 24/05/2017 12:33:28



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2017 12:37
Nº Rexistro: 9480

Data envío: 24/05/2017 12:37:39.565

Olalla Rodil Fernández na data 24/05/2017 12:33:42

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/05/2017 12:33:47

María Montserrat Prado Cores na data 24/05/2017 12:33:51

Xosé Luis Bará Torres na data 24/05/2017 12:33:52

Ana Pontón Mondelo na data 24/05/2017 12:33:56



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2017 13:15
Nº Rexistro: 9485
Data envío: 24/05/2017 13:15:25.251

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, relativa ao mantemento e mellora da conexión Ourense-Santiago por tren rexional.

As infraestruturas teñen un papel clave na vertebración de calquera territorio e no caso do interior de Galiza deben ademais cumprir un papel na conexión e equilibrio territorial entre poboacións que historicamente sufriron as continuas rebaixas do gasto público por parte do Goberno central do Estado así como tamén por parte da Xunta de Galiza, que adopta un papel pasivo diante do desmantelamento de ferramentas clave como os camiños de ferro.

Neste sentido, os camiños de ferro son unha infraestrutura fundamental que debe ser fomentada tanto polos seus beneficios ambientais como pola súa seguridade e outros elementos positivos. Malia iso, continuos pretextos teñen contribuído a frear ou retardar as principais melloras comprometidas polo Goberno central con Galiza, supoñendo un impedimento para o desenvolvemento do noso país. Ademais, as decisións adoptadas teñen sido negativas para a vertebración territorial de Galiza. Iso foi resultado de facer prevalecer a aplicación do modelo radial-centralista e concentrar na súa promoción unha parte elevada dos recursos dos galegos e galegas e do investimento en infraestrutura ferroviaria primando as conexións con Madrid. Todo isto deixou á cola das prioridades un obxectivo que para o Bloque Nacionalista Galego é primordial: garantir a mobilidade interior de Galiza. De todas as políticas contrarias a favorecer a mobilidade interior, sumando a progresiva privatización da xestión da rede e a renuncia a reclamar a xestión



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2017 13:15
Nº Rexistro: 9485
Data envío: 24/05/2017 13:15:25.251

galega desta infraestrutura clave suman unha progresiva perda de conexións rexionais entre vilas achegadas, o desuso da vía para esta función e a renuncia á súa renovación e á aposta por unha rede de cercanías, especialmente no interior.

Nos últimos anos, a conexión ferroviaria por vía de tren rexional entre as cidades de Ourense e Santiago perdeu tanto puntos de parada como frecuencias de liña. Este progresivo desmantelamento ten consecuencias moi negativas para poboacións coma O Carballiño ou O Irixo, que ven lastradas as súas posibilidades de conexión coas cidades, máis aínda tendo en conta que son potenciais estudantes ou traballadores e traballadoras destas poboacións e que o transporte por outras vías ten moitas limitacións. Ademais constitúe unha infrautilización do potencial da vía e desincentiva a fixación de poboación nestes territorios.

Máis aínda, nas últimas semanas coñécense indicios de que Renfe planea suprimir a liñas que aínda conecta estas poboacións coa reformulación dos horarios de verán.

Por todo isto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª relativa ao mantemento e mellora da conexión Ourense-Santiago por tren rexional.

“O Parlamento de Galiza acorda:

1- Instar á Xunta de Galiza a levar a cabo as xestións necesarias para garantir a conexión entre Ourense e Santiago mediante tren rexional e aumentar o servizo cando menos nunha conexión máis para garantir que se poida realizar unha viaxe de ida e volta ao día entre as localidades intermedias e as dúas cidades e viceversa.

2- Instar á Xunta de Galiza a desenvolver as actuacións necesarias de cara a elaborar un estudo no que colabore a compañía ferroviaria, os concellos afectados,



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 24/05/2017 13:15

Nº Rexistro: 9485

Data envío: 24/05/2017 13:15:25.251

universidades e asociacións de consumidores e usuarios e outros colectivos de interese para a avaliar posibilidades de cara a establecer unha conexión de proximidade con maior frecuencia horaria co obxectivo favorecer o transporte de persoas estudantes e traballadoras.”

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 24/05/2017 13:09:36

Olalla Rodil Fernández na data 24/05/2017 13:09:40

Xosé Luis Rivas Cruz na data 24/05/2017 13:10:22

María Montserrat Prado Cores na data 24/05/2017 13:10:26



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2017 13:15
Nº Rexistro: 9485

Data envío: 24/05/2017 13:15:25.251

Xosé Luis Bará Torres na data 24/05/2017 13:10:28

Ana Pontón Mondelo na data 24/05/2017 13:10:31



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2017 13:22
Nº Rexistro: 9490
Data envío: 24/05/2017 13:22:28.240

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á programación infantil e xuvenil da TVG.

Na Enquisa estrutural aos fogares desenvolvida en 2013 polo Instituto Galego de Estatística (IGE) na que se avalía o grao de coñecemento e uso da lingua galega sitúase apenas no 18,35% a porcentaxe de crianzas entre os 5 e 14 anos que teñen como lingua inicial –aquela que aprenden a falar as familias– o idioma propio, unha cifra que se reduciu enormemente na última década pois en 2003 situábase en máis do 30%.

Se focamos a atención noutro dos principais axentes de socialización, a escola, o estudo desenvolvido pola Mesa pola Normalización Lingüística en 2016 arredor da presenza e uso da lingua galega nas escolas infantís do noso país, o 76% destes centros afincados nas cidades imparten as súas aulas maioritaria ou exclusivamente en castelán. En troca, o 19% deles procura certo equilibrio entre galego e español e apenas o 8,5% usa preferentemente a lingua galega.

Aliás, o 38,9% das escolas infantís exclúen absolutamente o galego das aulas así, por exemplo, na cidade de Ferrol o 90% destes centros afirma impartir as aulas só ou maioritariamente en castelán. En Pontevedra tampouco existe ningunha escola infantil que declare empregar maioritariamente o galego e nas cidades da Coruña e Vigo apenas o fan entre o 3% e o 4%, respectivamente.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2017 13:22
Nº Rexistro: 9490
Data envío: 24/05/2017 13:22:28.240

Alén da familia e a escola, os medios de comunicación (incorporando a estes xa a Internet como hipermedio propio da post-televisión) constitúen elementos centrais no proceso de socialización e polo tanto exercen grande influencia sobre o comportamento destas.

O uso do galego na rede, nomeadamente entre a mocidade, reflicte unha correlación coa realidade sociolingüística do país. Segundo a enquisa do IGE (2013) navegan na Internet sempre en castelán o 70% das persoas entre 16 e 29 anos fronte ao 2,85% que o fai en galego sempre ou de maneira preferente.

Doutra banda, a presenza da lingua propia nos medios tradicionais é, residual n a prensa e apenas ten presenza na radio e televisión –agás nas canles da CRTVG.

No tocante á programación infantil e xuvenil da TVG esta desapareceu da grella da primeira canle en 2009 sendo emitida exclusivamente na TVG-2, unha canle que conta cunha cota de pantalla (*share*) do 0,8%, de acordo cos datos proporcionados polo Estudo Xeral de Medios (EGM).

Esta programación enmárcase no seo do Xabarín Club, un espazo referencial que indubidabelmente posicionou a TVG na vangarda televisiva hai xa 23 anos, marcando diversas xeracións de galegas e galegos, contribuíndo á promoción da lingua galega entre o público infantil e xuvenil e tamén da cultura, principalmente do sector musical, ao que abriu unha xanela mesmo contribuíndo á consolidación dun estilo propio que chega até a actualidade baixo a forma do rock bravú.

Porén, progresivamente e de maneira máis notábel desde 2009, a programación infantil e xuvenil non só perdeu peso na grella da TVG, senón tamén audiencia e referencialidade entre as faixas de idade máis novas do noso país.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2017 13:22
Nº Rexistro: 9490
Data envío: 24/05/2017 13:22:28.240

De facto, en 2004, o Plan Xeral de Normalización Lingüística aprobado por unanimidade no Parlamento de Galiza situou como “carencias” da programación da TVG e RG non prestar atención suficiente ás vangardas culturais así como non conectar cos intereses da mocidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a crear na televisión pública unha canle específica para o público infantil e xuvenil con programación de calidade que aporte referentes modernos e actuais en galego ás novas xeracións, a través de produtos como os debuxos animados ou as series de televisión tecendo sinerxias co sector audiovisual galego.”

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2017 13:22
Nº Rexistro: 9490
Data envío: 24/05/2017 13:22:28.240

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 24/05/2017 13:19:25

Noa Presas Bergantiños na data 24/05/2017 13:19:31

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/05/2017 13:19:35

María Montserrat Prado Cores na data 24/05/2017 13:19:38

Xosé Luis Bará Torres na data 24/05/2017 13:19:40

Ana Pontón Mondelo na data 24/05/2017 13:19:43

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Noela Blanco Rodríguez, Luis Manuel Alvarez Martínez, Concepción Burgo López e José Antonio Quiroga Díaz**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

Na Comisión 5^a de Sanidade, Política Social e Emprego do Parlamento de Galicia, na súa sesión do 11 de maio de 2017, aprobouse cos votos a favor do Partido Popular unha iniciativa para modificar o nome do Hospital da Costa para que se converta en Hospital Público da Mariña Lucense.

No debate producido, o voceiro do Grupo Parlamentario Socialista formulou a cuestión do custo do cambio do nome, en termos de sinalética, papelería, aplicacións informáticas, material sanitario e as diversas cuestións que foran precisas. A pesar desta cuestión, non foi aportada ningunha información sobre o tema.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a realizar un informe detallado por apartados sobre o custo do cambio de nome do Hospital da Costa a Hospital Público da Mariña Lucense que sinale, entre outros aspectos, de maneira específica o custe en sinalética, papelería, publicidade, informática e material sanitario.

Pazo do Parlamento, 23 de maio de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Luis Manuel Alvarez Martínez
Concepción Burgo López
José Antonio Quiroga Díaz
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 24/05/2017 13:45:33

Noela Blanco Rodríguez na data 24/05/2017 13:45:40

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 24/05/2017 13:45:45

Maria de la Concepción Burgo López na data 24/05/2017 13:45:51

José Antonio Quiroga Díaz na data 24/05/2017 13:45:55

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/05/2017 13:46:02

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Abel Losada Alvarez e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O mércores 19 de abril publicábase no DOG a *Resolución do 3 de abril de 2017, da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, pola que se procede á publicación das axudas concedidas en virtude da Orde do 14 de xuño de 2016 pola que se regulan as bases que rexerán a concesión de axudas económicas para creación de escolas infantís 0-3 en polígonos industriais e parques empresariais, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència competitiva para os anos 2016 e 2017*.

Para esta finalidade, propúñase iniciar unha actuación conxunta da Administración autonómica e das asociacións empresariais ou entidades representativas dun polígono industrial ou parque empresarial onde, a solicitude destas últimas, a Xunta de Galicia financie parte do gasto derivado da construción dunha escola infantil no recinto dun polígono industrial ou parque empresarial e a asociación empresarial ou entidade representativa encárguese da súa xestión.

O crédito orzamentario para a concesión de axudas económicas para a creación de escolas infantís de 0-3 anos en polígonos industriais e parques empresariais é de dous millóns trescentos corenta e tres mil catrocentos sesenta e oito euros (2.343.468 €) con cargo á aplicación orzamentaria 12.02.312B.781.0, distribuído en dúas anualidades, correspondendo cincocentos oitenta e cinco mil oitocentos sesenta e sete euros (585.867 €) ao ano 2016 e un millón setecentos cincuenta e sete mil seiscentos un euros (1.757.601 €) ao ano 2017.

 Grupo Parlamentario

As entidades beneficiarias foron segundo esta resolución, a Fundación Parque Científico Tecnológico Río do Pozo, e a Asociación de empresas do Polígono Industrial da Tomada, cada unha delas cunha subvención de 200.000 euros, deixando sen executar o 83 % do crédito orzamentario total previsto.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar, en consenso cos concellos e axentes sociais, un plan de escolas infantís públicas de 0 a 3 anos en polígonos industriais e parques empresariais, así como na proximidade das grandes empresas.
 - 1.1 O obxectivo de dito plan será axudar as nais e pais na educación temperá dos seus fillos e fillas e na conciliación da súa vida laboral coa persoal e familiar, garantindo a cobertura da demanda prevista, co obxectivo de que Galicia alcance no horizonte 2020 a ratio defendida pola Unión Europea na planificación de políticas cara ás familias.
 - 1.2 En todo caso, a planificación de ditas escolas recollerá condicións de accesibilidade universal, estarán debidamente planificadas no territorio, e serán axeitadas ao número da poboación e a súa idade.

Pazo do Parlamento, 24 de maio de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Abel Losada Alvarez

María Luisa Pierres López

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

 Grupo Parlamentario

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 24/05/2017 13:54:51

Julio Torrado Quintela na data 24/05/2017 13:54:57

Abel Fermín Losada Álvarez na data 24/05/2017 13:55:02

María Luisa Pierres López na data 24/05/2017 13:55:07

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/05/2017 13:55:11



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2017 18:09
Nº Rexistro: 9508
Data envío: 24/05/2017 18:09:20.782

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ás listas de espera e a adquisición dun TC e unha RM no servizo de radiodiagnóstico do CHUS.

Os servizos de radiodiagnóstico son considerados servizos centrais, e como tales, realizan as probas diagnósticas, as exploracións, a doentes procedentes do conxunto dos servizos dos centros hospitalarios, desde unidades de hospitalización a consultas externas ou urxencias. Como servizos centrais son os garantes do uso racional e equitativo dos equipos de alta tecnoloxía e dos recursos.

As listas de espera nos servizos de radiodiagnóstico están converténdose en estruturais, son constantes as queixas de doentes e profesionais sobre as tremendas demoras e as consecuencias na saúde das persoas. Un deses centros con moita demora é o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.

Neste contexto o Bloque Nacionalista Galego foi informado de que a Sociedade Española de Radioloxía Médica, SERAM, ven de ter coñecemento da



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2017 18:09
Nº Rexistro: 9508
Data envío: 24/05/2017 18:09:20.782

convocatoria pola empresa MEDTRONIC dun proceso para a adquisición dun TC e unha RM para a área cardiovascular do CHUS.

Segundo a información de que dispoñen, estes equipos de TC e RM van destinarse para o uso exclusivo do servizo de cardioloxía. Este feito significaría a fragmentación na igualdade d@s doentes no acceso ao TC e RM, a priorización segundo a procedencia e non a patoloxía, rompería a equidade. Estableceríase patoloxías de primeira e de segunda.

Polas razóns expostas o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

-Garantir a integridade, eficiencia dos servizos centrais de radiodiagnóstico no CHUS, así como a igualdade e a equidade no acceso d@s doentes no acceso as exploracións.

-Clarificar, e presentar un informe no Parlamento Galego sobre cales son as circunstancias, as condicións, as causas, as contraprestacións nas que unha empresa provedora habitual do Sergas realice a doazón de equipamento de TC e RM á sanidade pública.

-Facer públicas as lista de espera e as derivacións so servizo de radiodiagnóstico do CHUS.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2017 18:09
Nº Rexistro: 9508
Data envío: 24/05/2017 18:09:20.782

-Realizar todas as actuacións precisas para diminuír as amplísimas listas de espera no servizo de radiodiagnóstico do CHUS.”

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2017

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 24/05/2017 18:08:33

Noa Presas Bergantiños na data 24/05/2017 18:08:37

Olalla Rodil Fernández na data 24/05/2017 18:08:41



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2017 18:09
Nº Rexistro: 9508

Data envío: 24/05/2017 18:09:20.782

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/05/2017 18:08:45

Xosé Luis Bará Torres na data 24/05/2017 18:08:48

Ana Pontón Mondelo na data 24/05/2017 18:08:51



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727